



003451 14.02.2007

**Registro Xeral SAÍDA**

Ref. : MJPM/JMMC/jjpt

O Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica nos centros docentes públicos non universitarios (*DOG do 4 de abril*) establece, no seu artigo 15º, punto 3 que:

“Unha vez aprobada a conta de xestión, e antes do 31 de xaneiro do exercicio económico seguinte, o Consello Escolar remitirá á delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria unha certificación, por duplicado, segundo o modelo que se facilitará, na que figure, por unha banda, a expresión dos fondos recibidos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e demais ingresos obtidos, e doutra, os gastos realizados con cargo aos citados ingresos, así como o saldo que resulte, se é o caso”.


Co obxecto de evitar requirimentos de emenda das contas de xestión do orzamento dos centros por parte da Intervención delegada, é necesario que por parte das delegacións provinciais se efectúe unha revisión das xustificacións presentadas.

Comprobaranse, especialmente, os seguintes aspectos:

- 1º) Que os ingresos recibidos da consellería que indique o centro coincidan cós envíos efectuados por esa delegación provincial.
- 2º) Que os centros presenten as xustificacións individuais dos ingresos finalistas.
- 3º) Que acheguen certificación bancaria co saldo da/s conta/s a 31 de decembro de 2006.
- 4º) Como todos os centros recibiron ingresos correspondentes ao exercicio económico 2006 no mes de xaneiro de 2007, deberán achegar unha conciliación bancaria, pois o remanente que incorporen ao ano 2007, non coincidirá co saldo da/s conta/s bancarias.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2007

**A DIRECTORA XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA,**




Asdo.:  José Pérez Mariño

SRES. DELEGADOS PROVINCIAIS DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.-  
A CORUÑA, LUGO, OURENSE E PONTEVEDRA.-



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Ordenación  
e Innovación Educativa

Edificio Administrativo San Caetano  
15781 Santiago de Compostela



Remítolle petición de información do [REDACTED]

[REDACTED], así como resposta as cuestións formuladas por el, para o seu coñecemento, e a efectos de que traslade esta información á dirección do centro, para que á súa vez informe tamén ao profesor.

En relación coas preguntas formuladas comunícolle o seguinte:

1º) Os centros poden cobrar o importe das fotocopias aos alumnos, é así se prevé no Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios (*Diario Oficial de Galicia* do 4 de abril).

2º) O ingreso, segundo establece o mencionado decreto no seu artigo 5º, apartado i), contabilízase no estado de ingresos do centro.


3º) A venda das fotocopias se é como consecuencia do desenvolvemento da actividade docente do centro está exenta de IVE.

4º) A partida orzamentaria onde se ingresa o importe é a indicada no artigo 5º, apartado i) do decreto.

6º) O establecemento do importe por unidade de fotocopia é competencia do centro en aplicación da autonomía na xestión económica dos centros .

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2006

A DIRECTORA XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA,



do.: M<sup>a</sup> Lorena Pérez Mariño

ILMO. SR. DELEGADO PROVINCIAL DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.-  
A CORUÑA.-




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Centros  
e Ordenación Educativa

Edificio Administrativo San Caetano  
15781 Santiago de Compostela

Ref.: MEPF/S.X. Programas educativos/JJPT




Ante as dúbidas xurdidas na xustificación de gastos de funcionamento dos centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e concretamente da posibilidade de que os centros incorporen o orzamento que non utilicen ao exercicio económico seguinte, comunícolle o seguinte:

O Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios (*Diario Oficial de Galicia do 4 de abril*) establece, no seu punto 5º, referido ao estado de ingresos, que “O estado de ingresos do orzamento anual do centro estará integrado polos seguintes recursos: [...]”, e no apartado h) deste mesmo punto indica: “Os créditos que se autoricen, procedentes do exercicio anterior, que se incorporarán ao orzamento do exercicio seguinte.”

Así pois, ao igual que no ano 2003, **os centros deberán incorporar os remanentes do exercicio 2004 ao orzamento de ingresos do exercicio económico 2005 (coa excepción dos fondos europeos que deberán aplicarse no mesmo ano).**

O que lle comunico para o seu coñecemento e **traslado aos centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria desa provincia.**

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2004  
**O DIRECTOR XERAL DE CENTROS E ORDENACIÓN EDUCATIVA,**



Asdo.: Alberto González Armesto


**ILMOS. SRES. DELEGADOS PROVINCIAIS DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.- A CORUÑA, LUGO, OURENSE E PONTEVEDRA.-**



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Centros  
e Ordenación Educativa.

Edificio Administrativo San Caetano  
15781 Santiago de Compostela



Ref.: MEPP/S.X. Programas educativos/JJPT

Ante as dúbidas xurdidas na xustificación de gastos de funcionamento dos centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e concretamente do prazo do que dispón a dirección do centro para presentar as contas ante o Consello escolar, comunícolle o seguinte:

O Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios (*Diario Oficial de Galicia do 4 de abril*) establece, no seu punto 15.1, que “O director presentará ao Consello escolar, para a súa aprobación, a conta de xestión do orzamento, referida ao 31 de decembro de cada exercicio económico”.

No punto 15.3 do mesmo decreto establécese que “Unha vez aprobada a conta de xestión, e antes do 31 de xaneiro do exercicio económico seguinte, o Consello escolar remitirá á Delegación provincial unha certificación...”

Así pois, e de acordo co indicado na normativa indicada con anterioridade, **o director do centro dispón do mes de xaneiro para presentar ao Consello escolar a conta de xestión do exercicio económico anterior** referida a 31 de decembro.

O que lle comunico para o seu coñecemento e **traslado aos centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria desa provincia.**

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2004  
**O DIRECTOR XERAL DE CENTROS E ORDENACIÓN EDUCATIVA,**

Asdo.: Alberto González Armesto

**ILMOS. SRES. DELEGADOS PROVINCIAIS DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.- A CORUÑA, LUGO, OURENSE E PONTEVEDRA.-**

Remitente: Juan José Potel Touceda con fecha 20/12/2004 11:39  
Destinatarios: José Antonio Gay García/ED/Xunta@Xunta  
CC:  
Asunto: Consulta sobre os libros de actas e contabilidade dos centros  
Categoría:

En relación co correo electrónico recibido nesta dirección xeral sobre os libros de actas das reunións (Consello escolar, claustro,...) así como dos libros de contabilidade do centro, comunícolle o seguinte:

O centro poderá archivar en papel xerado a partir dun medio informático os libros de actas, libros de contabilidade, etc., non obstante cada unha das páxinas que formen parte dos libros deberán ser convenientemente datadas, seladas e asinadas, de xeito que o contido destas non se poida modificar con posterioridade a práctica dos correspondentes asentos.